



FELIZ MARTES!!!

Estou *moi contenta* cosas vosas investigacións. Xa vin que a gran maioría conseguiu que xerminaran esas sementes de distinto tipo (lentellas, fabas...) e incluso, algún de vós probou a conseguir novas plantas a partir da follá dunha planta que xa tiñan en casa. Así que *xenial!* Se tedes un pouco de terra, podedes pasar esas sementes xerminadas a terra e así veredes como crecen aínda máis pois a terra ten moito alimento para elas, máis que o algodón.

Deixo aquí debaixo o *enlace ao vídeo* que editei con todo o que me chegou. Porén, publicareino (penso eu) durante esta semana na páxina do cole para que todos poidan ver as vosas investigacións e resultados.



NOTA: lóxicamente a ficha de investigación non se pode corrixir pois cada un tivo uns resultados distintos e todos válidos. O único que tedes que ter todos igual é que *o primeiro que sae ao romper a semente é a raíz*, entendido? Logo ven o talo e as follas pero a raíz é o primeiro de todo. Así que corrixide iso se tedes o talo. 😊

<https://youtu.be/VSDbBP2gR08>

Hoxe mandareivos un **kahoot**. Sei que non tivestes moito lío no de mates (podo ver os vosos resultados). Un **detalle importante**: pido por favor que escribades o voso nome seguido das iniciais dos apelidos. Non son probas pero si son traballos que tedes que facer e se non escribides ben os vosos datos, non podo saber se sodes vós ou non.

Exemplo: martasd

Se xogo varias veces, engadirei o número:

Exemplo: martasd1, martasd2 ...

Recordade que non é unha proba, que podedes ter o caderno con vós e podedes ter a axuda dun familiar para que marque a opción que pensades que é correcta.

https://kahoot.it/challenge/08613983?challenge-id=d622c470-d088-4ec8-b4e9-d23079071007_1588605439539

TEDES ATA O XOVES 7 MAIO PARA FACELO

